

DIRECCIÓN XERAL DE FUNCIÓN PÚBLICA

Comisión Técnica de Temporalidade e Emprego.- OFERTA DE EMPREGO

19/06/2025

O xoves 19 de xuño tivo lugar a primeira unha xuntanza da Comisión Técnica de Temporalidade e Emprego, comisión dependente da Mesa Xeral de Negociación da AXE. O tema principal a tratar foi a “Oferta de Emprego Público para o ano 2025”. A piques de agotar o prazo que ten por lei para presentar esta oferta (30 de xuño), xustificando as presas e a necesidade de pechar en practicamente en tres xuntanzas unha “falsa negociación” onde se manifestou reacia a aportarnos datos e información.

Dende a CIG podemos afirmar, sen risco de equivocarnos, que **NON VAI HABER NEGOCIACION**. A administración, a igual que estes últimos anos, estase a presentar nos órganos de negociación con documentos “xa pechados”. Como esperpento contar que hoxe, xa aparece publicado na prensa datos de como vai ser a OEP 2025, o Ministerio de Transformación Dixital e Función Pública xa filtrou, sen ter facilitado aos sindicatos ningún borrador.

A reunión estivo fundamentada nun discurso que contextualiza a situación política que marca esta e as anteriores ofertas. Non hai presupostos xerais dende o ano 2023. A partir desta premisa o discurso da Administración deixou mensaxes claros.

- Esta OEP 2025 é totalmente continuista tres últimas. Sen facilitar datos, reafirmanse que se está creando emprego conseguindo baixar a idade media do persoal en 2 anos.
- Seguen a negarse a eliminar a taxa de reposición. Lembrar que foi unha promesa deste goberno. Para a CIG segue a ser un atranco que impide abordar o déficit estrutural de persoal.
- A oferta en quenda libre centralízase nos grupos C1 e C2, que son servizos de atención ao público, e que servirá de experiencia piloto cara o desenvolvemento das “áreas funcionais”.
- Confírmase a redución na prazas ofertas para promoción interna.
- Confirma que haberá unha convocatoria adicional para persoal laboral.

A **CIG** entende como innadmisíbel presentarse nunha mesa de negociación dunha OEP 2025 sen aportar ningún tipo de documentación.

A **CIG** non apoiará un OEP 2025, sen que haxa unha negociación real.

A **CIG**, segundo a exposición feita pola administración, entende que esta OEP para nada soluciona os problemas estruturais de déficit de plantillas que hai nos diferentes organismos.